

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

“ORDENANZA REGULADORA DA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha situación de crise económica como a actual, caracterizada por unha elevada taxa de desemprego, a actividade das Administracións Públicas dirixida a o fomento do emprego, especialmente entre os máis novos, adquire a súa maior importancia.

Diante desta situación resulta conveniente dotar aos procedementos de selección de empregados públicos dos mecanismos necesarios para facilitar a participación dos interesados en participar neses procesos simplificándoos e reducindo os seus custos e, ao tempo, mellorar na medida do posible a axilidade na súa tramitación.

Coa intención de dar cumprimento aos fins expostos, créase unha bolsa de emprego municipal, definida como un rexistro administrativo no que os interesados en participar nos procesos de selección de persoal laboral temporal convocados polo Concello de Porto do Son poden inscribir e depositar boa parte dos datos e documentos que, con carácter xeral, se esixen para participar nos referidos procesos selectivos e para acreditar os méritos a valorar. Deste xeito, os interesados estarán dispensados de presentar en cada proceso selectivo no que participen boa parte da documentación esixida nos mesmos, sen prexuízo de que poidan achegar ao proceso de que se trate os novos documentos non inscritos.

Doutro lado, a bolsa de emprego configúrase como un rexistro dinámico no que os interesados poden ir asentado a documentación acreditativa das novas circunstancias que se vaian producindo.

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-Obxecto e fins.

1.-A presente ordenanza ten por obxecto regular o funcionamento da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son.

2.-Son fins da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son os seguintes:

a) Favorecer o acceso ao mercado de traballo, en xeral, e ao emprego público local, en particular, das persoas demandantes de emprego.

b) Axilizar e facilitar os procedementos para a selección de persoal laboral ao servizo do Concello de Porto do Son.

3.-Para o cumprimento dos seus fins, a bolsa de emprego do Concello de Porto do Son constitúese nun rexistro administrativo permanente de persoas en situación de demanda ou mellora de emprego interesadas en participar nos procesos para a selección de persoal laboral temporal ao servizo do concello.

A inscrición na bolsa de emprego do Concello de Porto do Son ten carácter voluntario e, en ningún caso, a inscrición previa será requisito necesario para a participación nos procesos de selección de persoal de que se trate.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación.

A bolsa de emprego regulada na presente ordenanza será de aplicación para a selección do persoal laboral temporal polo Concello de Porto do Son, sen prexuízo de que, en supostos debidamente xustificadas coa debida motivación, deba excluírse a súa aplicación.

CAPÍTULO II.-FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DA BOLSA DE EMPREGO**Artigo 3.-Principios xerais de funcionamento.**

A bolsa de emprego do Concello de Porto do Son respectará no seu funcionamento os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público e aqueles outros que establece a Lei 7/2007, do 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Artigo 4.-Requisitos para a inscrición na bolsa de emprego.

Os interesados en inscribirse na bolsa de emprego do Concello de Porto do Son deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español, cidadán membro dun Estado da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores non separado de dereito ou descendente de calquera dos anteriores ou do seu cónxuxe non separado de dereito cando sexan menores de 21 anos ou, se son maiores, sexan dependentes, persoas incluídas no ámbito de aplicación de tratados nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou estranxeiro con residencia legal en España. Todo iso de conformidade co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ser maior de 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado de modo absoluto ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba das que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terle sido imposta sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Atoparse inscrito na situación de demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

e) Estar empadronado Concello de Porto do Son.

Artigo 5.-Inscrición na bolsa de emprego.

1.-Os interesados na súa inscrición na bolsa de emprego deberán presentar no Rexistro Xeral do concello ou, no seu caso, por vía telemática, unha instancia dirixida á Alcaldía conforme ao modelo que como Anexo 1 se incorpora a esta ordenanza.

Coa instancia achegarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte, permiso de conducir ou outro documento acreditativo da identidade do interesado.
- Copia dos títulos educativos e formativos que o interesado desexe que figuren no seu expediente.
- Informe de vida laboral, copia de contratos de traballo, certificados de servizos prestados e outros documentos acreditativos da experiencia profesional do interesado.
- Copia da tarxeta de demanda ou mellora de emprego.
- Declaración responsable de cumprimento dos requisitos detallados no artigo 4.
- Copia dos permisos de conducir que se posúan, no seu caso.
- Documentación acreditativa, no seu caso, dunha situación de discapacidade.

2.-A actualización dos datos contidos na bolsa de emprego realizarase a instancia do interesado, quen achegará a documentación acreditativa das novas circunstancias académicas ou profesionais ou indicará os datos de carácter persoal a modificar.

Artigo 6.-Funcionamento da bolsa de emprego.

1.-A inscrición na bolsa de emprego municipal dispensará aos aspirantes que participen nos procesos para a selección de persoal laboral temporal da presentación da documentación acreditativa de identidade, da posesión dos méritos

académicos e profesionais de daqueloutra que figure inscrita, a cal se achegará de oficio polos servizos municipais ao procedemento de que se trate.

Para participar nos procesos para a selección de persoal laboral temporal aos inscritos na bolsa de emprego bastaralle, como regra xeral, coa presentación da solicitude de participación no proceso de que se trate.

En calquera caso, os aspirantes que participen nun proceso selectivo poderán achegar coa súa instancia de participación a documentación daqueles méritos que non figuren inscritos na bolsa de emprego.

2.–Iniciado un proceso de selección para cubrir unha posto vacante non se terán en conta outros méritos diferentes dos que figuren inscritos na bolsa de emprego ou fosen presentados polos aspirantes coa súa solicitude de participación no proceso selectivo.

3.–Concello de Porto do Son poderá asinar convenios de colaboración con outras Administracións Públicas e empresarios para a provisión de postos de traballo a través da bolsa de emprego municipal.

4.–A Alcaldía será competente para modificar o modelo de solicitude de inscrición á bolsa de emprego que se incorpora como Anexo 1 á presente ordenanza, así como para ditar circulares sobre a xestión e funcionamento da bolsa de emprego.

Artigo 7.–Exclusións da bolsa de emprego municipal.

1.–Producirase a exclusión dos inscritos na bolsa de emprego cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Contratación laboral do interesado, agás que solicite manter a inscrición na situación de mellora de emprego.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Achega de documentación falsa.

2.–Cando existan dúbidas sobre a veracidade da documentación achegada á bolsa de emprego o concello requirirá ao interesado para que achegue a documentación orixinal ou copia compulsada, así como calquera outro medio que acredite a autenticidade da documentación. No caso de non acreditarse a veracidade da documentación presentada ditarase resolución motivada excluindo ao interesado da bolsa de emprego, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houberse lugar.

Artigo 8.–Protección de datos de carácter persoal.

Para a xestión da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son créase o ficheiro de datos de carácter persoal coas seguintes características:

1. Denominación: "Bolsa de emprego municipal".
2. Responsable do ficheiro: Concello de Porto do Son.
3. Órgano ante o que exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Alcaldía de Porto do Son.
4. Descrición do ficheiro: solicitantes para a incorporación á bolsa de emprego.
5. Carácter do ficheiro: mixto.
6. Medidas de seguridade: nivel baixo.
7. Tipos de datos de carácter persoal que se inclúen no ficheiro:
 - Datos identificativos: nome e apelidos, DNI, sexo, estado civil, número de teléfono, domicilio e firma.
 - Datos profesionais: formación académica e vida laboral.
8. Finalidade do ficheiro: xestión da bolsa de emprego.
9. Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resultan obrigados a subministralos: persoas físicas aspirantes en procesos para a contratación de persoal laboral temporal.
10. Procedencia dos datos: o interesado ou o seu representante legal.
11. Procedemento de recollida: formularios.
12. Órganos e entidades destinatarias das cesións das cesións previstas: non está prevista a cesión de datos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Todos os procesos de selección de persoal laboral temporal iniciados polo Concello de Porto do Son con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza rexeranse polas súas correspondentes convocatorias e bases de selección.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO 1**Modelo de instancia para a inscrición na bolsa de emprego municipal**

D./D.^a _____ de _____ anos, con domicilio en _____
n.º _____, piso _____ C.P. _____, teléfono _____, D.N.I. _____

EXPOÑO:

Que reúno os requisitos establecidos pola Ordenanza reguladora para a inscrición na bolsa de emprego municipal.

Coa presente instancia achégase a documentación que se relaciona (art. 5 da Ordenanza reguladora da bolsa de emprego do Concello de Porto do Son):

- Copia do DNI, pasaporte, permiso de conducir ou outro documento acreditativo da identidade.
- Copia dos títulos educativos e formativos que se posúen.
- Informe de vida laboral, copia de contratos de traballo, certificados de servizos prestados ou outros documentos acreditativos da experiencia profesional.
- Copia da tarxeta de demanda ou mellora de emprego.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para acceder á bolsa de emprego municipal.
- Documentación acreditativa dunha situación de discapacidade.

Por todo o exposto, SOLICITO:

A inscrición na bolsa de emprego do Concello de Porto do Son.

En Porto do Son, ____ de _____ de 2012.

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON

Consonte ao establecido na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ao ficheiro "Bolsa de emprego municipal" do que é titular o Concello de Porto do Son. Poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello dirixido á Alcaldía.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Porto do Son, 5 de novembro de 2013.

O alcalde-presidente

Asdo.: José Luis Oujo Pouso

2013/13957